



**Resolución do 22 de novembro de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
pola que se convoca un curso de Actualización de Formación Sanitaria Inicial na confraría de
Muxía. Acción formativa financiable nun 75% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca
(FEMP) na medida 1.6.1. no marco do Programa Operativo para España do FEMP 2014-2020**

Antecedentes

Recibida a solicitude da confraría de Muxía de autorización, por parte da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, para impartir un curso de Actualización de Formación Sanitaria Inicial, e tendo en conta as seguintes consideracións legais,

Consideracións legais

1. Os Reais decretos 4189/1982, do 29 de decembro, 1283/1987 do 2 de outubro, 1378/1997 do 29 de agosto e 1749/1999 do 19 de novembro, ao abeiro das normas constitucionais, estatutarias e legais correspondentes, que traspasa á Comunidade Autónoma de Galicia, funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras
2. Orde PRE/646/2004, do 5 de marzo, pola que se establecen os contidos mínimos dos programas de formación sanitaria específica e as condicións para a expedición e homologación do certificado de formación sanitaria dos traballadores do mar
3. Resolución do 14 de xuño de 2010, do Instituto Social da Mariña, sobre contidos mínimos dos programas de actualización en formación sanitaria específica, condicións que deben reunir os centros de formación e homologación de centros privados para a impartición da formación sanitaria específica.
4. Resolución do 24 de abril de 2013, do Instituto Social da Mariña, sobre contidos mínimos dos programas de actualización en formación sanitaria específica e sobre formación sanitaria específica a distancia.
5. Resolución do 24 de abril de 2013, do Instituto Social da Mariña sobre condicións que deben reunir os centros de formación e procedemento de homologación de centros privados para a impartición da formación sanitaria específica
6. Decreto 168/2015, do 13 de decembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, no seu artigo 9 indica que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro terá ao seu cargo a dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras
7. Regulamento (UE) núm. 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello de 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derogan os Regulamentos (CE) núm. 2328/2003, (CE) núm. 861/2006, (CE) núm. 1198/2006 e (CE) núm. 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) núm. 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello

Visto o exposto, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias, RESOLVE,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños s/n Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Telf.: 981 546177
Fax: 981 546138



Unión Europea

Fondo Europeo Marítimo e
de Pesca (FEMP)

Convocar un curso de Actualización de Formación Sanitaria Inicial para a confraría de Muxía, baixo as seguintes condicións:

Primeira. A entidade facilitará as instalacións e medios precisos para o desenvolvemento do curso.

Segunda. As persoas aspirantes a realizar o curso deberán presentar unha vida laboral ou calquera outro documento que acredite o exercicio da actividade na pesca.

Terceira. A data de realización do curso será o 21/01/2017, e a súa duración non será inferior a 08 horas lectivas.

Cuarta. O curso poderá ser inspeccionado e supervisado por persoal funcionario da Consellería do Mar.

Quinta. Os/as alumnos/as deberán asistir con regularidade as clases e non superar nun 10% a cota de faltas da carga lectiva.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2016

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



Susana Rodríguez Carballo

CONFRARÍA DE MUXÍA